Amor dun neno

Estrofas **Am – F – C – C**
Retrouso **Dm – F – C – C**
Ponte / transición **Am – F – C**

Estrofa 1
Am – F – C – C
Era un neno ben cativo,
fai pouco nin era vivo,
nin dez anos el tería,
mais o amor xa coñecía.
El miraba e miraba,
ás rapazas escoitaba.
Sempre algunha lle molaba,
mais a vergonza gañaba.
Foron amores dun tempo,
lembranzas daquel momento,
pois na vida hai amores,
físicos e doutras cores.

Retrouso
Dm – F – C – C
Amor dun neno, de home pequeno,
amor dun día, amores cegos,
porque aínda hai cores que fan amores,
outros quedaron, tal vez mellores.

Estrofa 2
Am – F – C – C
Era un mozo xa ben feito,
levaba amores por dentro,
mais a troula inda gañaba,
e ese amor non o atopaba.
Amores son dos cativos,
tamén dos tempos perdidos,
amores que quedan soltos,
tal vez se vaian con outros.
Amores da miña terra,
miña casa, miña leira,
amores son da familia,
eses non cambian na vida.

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 3
Am – F – C – C
Amores que agochan as festas,
outras veces son nas leiras,
moitos amores quedaron,
na vida non afincaron.
E se un día xa estás farto
do que foi un parvo amor,
lembra sempre aqueles anos,
fai só ese favor.
Pois aquel neno cativo,
por moito el xa pasou,
é todo aquilo que sabe,
da experiencia que tomou.

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Final
Am – F – C – C
Mais non perdas o sorriso
daquel cativo pequeno,
pois o amor está agardando,
e iso sábeo ata o demo!!!